

MEMORIA DO PROXECTO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1- INTRODUCCIÓN

Xustificación:

A iniciativa deste proxecto nace polo respecto á diversidade e loita contra todo tipo de discriminacións, que tendan á segregación e vaian en detrimento da inclusión do noso alumnado, ben sexa por razón de orientación sexual, identidade de xénero, raza, características físicas, condicións psicolóxicas...

Parécenos importante levar a cabo accións que desenvolvan non so habilidades cognitivas senón tamén competencias transversais como son o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a capacidade de comunicar e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo e a aceptación do cambio.

Dentro dos principios da educación que establece a LOMCE, contéplase que a orientación educativa poida propiciar o desenvolvemento integral do alumnado, polo tanto non so a nivel académico, senón tamén social e persoal.

Son **obxectivos fundamentais** na etapa de educación primaria e secundaria :

- Valorar e respectar a diferenza de sexos así como a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.
- Rexeitar a discriminación de persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Rexeitar prexuizados de calquera tipo.

- Desenvolver destrezas básicas na utilización de fontes de información para con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal, e a capacidade para aprender a aprender.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das diferentes manifestacións artísticas, usando diversos medios de expresión e representación.

O proxecto pretende ir na consecución de obxectivos fundamentais, e conseguir así mesmo desenvolver as competencias clave en todo o alumnado:

- **Competencia en comunicación lingüística** : preténdese que o alumnado entenda o diálogo crítico e construtivo como ferramenta primordial para a convivencia.
- **Competencia dixital**: trataremos de conseguir a motivación pola aprendizaxe a través do uso das tecnoloxías.
- **Competencia para aprender a aprender**: conseguir que o alumnado se sinta protagonista do proceso e resultado da súa aprendizaxe, así como que adquira unha verdadeira percepción de autoeficacia e confianza en si mesmo.
- **Conciencia e expresións culturais**: poder respectar o dereito pola diversidade cultural, así como o diálogo entre culturas e sociedades.

Valorar a liberdade de expresión.

- **Competencia social e cívica:** ter disposición para superar todo tipo de prexuízos e respectar as diferenzas, así como os dereitos fundamentais do ser humano.
- **Competencia en iniciativa e espírito emprendedor:** fomentar a capacidade de adaptación ós cambios, actuar de xeito creativo e imaxinativo, tendo interese e iniciativa por ser proactivo e innovador.
- **Competencia matemática:** asumir criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía.

Calendario para as tarefas previstas:

- 1) Selección de contos sobre diversidade no mes de outubro:** por diversidade cultural, por razóns psicolóxicas, por características físicas, familiares, por identidade de xénero...
- 2) Programación das sesións de titoría no mes de outubro:**
estableceranse varias sesións de titoría durante o primeiro e segundo trimestre do curso para traballar a diversidade a través dos contos, e poder realizar un traballo final que represente as ideas fundamentais de dito conto, dun xeito lúdico e interactivo.
- 3) Programación das colaboracións de axentes externos ó centro no mes de novembro :** Visita de asociacións, actividades inclusivas, contacontos, conferencias, obradoiros... 25 de abril como data límite para rematar os traballos, que culminará cunha xornada sobre diversidade de portas abertas.

4) Programación dunha xornada sobre diversidade para o día 25 de abril, no mes de xaneiro.

Alumnado e profesorado participante: dado o carácter interdisciplinar do proxecto, contouse coa colaboración de todo o profesorado do centro así como o alumnado de tódalas etapas educativas dende infantil ata secundaria.

Organización para a súa realización:

- Reunións de biblioteca semanais.
- Reunión mensuais do departamento de orientación.
- Reunións semanais de titores.
- Reunión informais cando fose necesario.

2- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

A temática proposta versa sobre a importancia da diversidade como un aspecto consubstancial ó ser humano, que nos axuda a ampliar a nosa perspectiva sobre a realidade que nos rodea, ó tempo que nos enriquece como persoas.

3- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

A proposta coordinada dende o equipo de biblioteca e o departamento de orientación, decide tomar como fío condutor os *contos*, para poder profundizar na diversidade no seu sentido mais amplo.

O proceso de deseño e elaboración parte dunha reflexión previa onde nos plantexamos unha serie de cuestións:

- **Partir do plan de atención á diversidade do centro:** partindo de que existe un plan de atención á diversidade no centro que pretende dar resposta ás diferentes necesidades do alumnado a través de diferentes actuacións, pero, analizamos esa diversidade?.
- **Conseguir chegar a toda a comunidade educativa:** Como podemos achegar a diversidade ó conxunto da comunidade educativa?.
- **Entender a diversidade no seu sentido mais amplo:** Debemos coñecer que aspectos nos diferencian ás persoas: de índole física, psicolóxica, cultural, familiar, de xénero... e dentro destas diferencias as diferentes aptitudes, intereses, gustos... que marcan a nosa personalidade.
- **Coordinar un proxecto interdisciplinar dende o equipo de biblioteca e o departamento de orientación:** Como podemos facer para que o proxecto vaia mais aló das actuacións dun departamento? Entón pensamos no Departamento de orientación e no equipo de biblioteca como órganos de coordinación e dinamización no centro.
- **Seleccionar contos sobre diversidade adaptados a cada nivel educativo, como fío condutor:** Finalmente conectamos os contos coa

temática que pretendíamos e comezamos a selección dos mesmos, adaptándoos a cada nivel e que puidesen visualizar a riqueza da diversidade en toda a amplitude que nos fose posible.

- **Planificar as titorías:** O seguinte paso foi pensar na planificación das titorías de tódolos cursos, para que fixesen un traballo crítico e de reflexión do conto seleccionado, xunto con dinámicas de profundización e un traballo final que se pretendía fose o mais creativo posible e con carácter interactivo.
- **Colaborar con axentes externos ó centro:** Como queríamos poder chegar á totalidade do alumnado a través de diferentes canais, pensamos que sería interesante contar con outros axentes que nos permitisen chegar a todos e cada un dos nosos alumnos e que así puidese chegar a mensaxe que pretendíamos transmitir, ó tempo que o alumnado desenvolvía outras competencias.

Pensamos ademais da literatura, nas artes escénicas, e así planificamos un obradoiro de teatro para todo o alumnado da Eso, tamén nas artes audiovisuais, e así propuxemos un obradoiro de cine para o alumnado de 4º de Eso, todo tomando como idea central a diversidade entre as persoas, así como as consecuencias discriminatorias que pode ter a non aceptación da mesma. Así mesmo contamos coa visita de varias *asociacións: Down, Capaces, Once*, que poderían achegar as súas experiencias ó centro. En primaria poderíamos achegar a realidade de persoas con discapacidade motora a través da *asociación COGAMI*, ó tempo que se poñían en marcha diversos talleres.

Un *contacontos* para os mais pequenos pareceunos interesante e unha maneira moi lúdica de adquirir os contidos.

- **Organizar unha xornada aberta sobre diversidade:** O traballo realizado durante o curso tiña que extrapolarse para poder ser disfrutado polo resto dos cursos, e o resto da comunidade educativa, así que pensamos nunha xornada sobre diversidade, na que expoñer a través de diferentes stands os traballos realizados en titoría, xunto co resultado do obradoiro teatral e as proxeccións audiovisuais.

Pensamos en organizar unha conferencia dinamizada polo actor e director de cine Rubén Riós, cuxa obra audiovisual nos permite favorecer a inclusión socio-laboral de persoas con diversidade funcional.

Tamén nos pareceu interesante contar coa exposición dos debuxos dun neno con TEA.

4- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

O profesorado foi fundamentalmente autodidacta, preparando de xeito autónomo o material pertinente, coa axuda do departamento de orientación e do equipo de biblioteca, en cuestións como unha adecuada selección dos contos, formación sobre autismo, asperxer, tipos de familias, cultura israelí e musulmá, así como na parte máis visual e plástica á hora de presentar os traballos.

Elaborouse unha guía didáctica para alumnado, profesorado e calquera que asistise á visita, para a xornada sobre diversidade do día 25 na cal se especificaba cal foi o traballo realizado en cada un dos cursos, así como a esencia e o significado do conto.

5- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS Ó LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

- Lectura e análise de contos
- Participación na actividade elaborada sobre cada conto
- Participación en charla-coloquio sobre persoas con diversidade funcional
- Participación en ginkana inclusiva
- Participación en talleres creativos dirixidos por persoas con diversidade funcional.
- Participación en contacontos inclusivos.

6- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Contos e libros de literatura infantil-xuvenil sobre diversidade e inclusión:

- María e mais eu. Miguel Gallardo.
- Un mundo de familias. Marta Gómez Mata.
- O cazo de Lorenzo. Isabelle Carrier.

- El niño que tenía dos ojos. Miguel Angel Pacheco.
- Si la tierra fuese una aldea. David J. Smith.
- El mundo es mi casa. Maïa Brami.
- O curioso incidente do can á media noite. Mark Haddon.
- Todo el mundo. Vidas de todos los colores. Anja Tuckermann.
- As xirafas non poden bailar. Giles Andreae.
- Con tango son tres. Justin Richardson.
- Elmer e o osiño perdido. David McKee.
- O señor Ibrahim e as flores do Corán. Eric-Emmanuel Schmitt.
- Familiium. Glòria Canyet.

7- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Entendendo a comunidade educativa como o conxunto do profesorado, alumnado e as familias, así como axentes externos ó centro, houbo unha auténtica implicación e colaboración por parte de todos.

Os diferentes titores das tres etapas educativas: infantil, primaria e secundaria, estiveron directamente implicados na actividade, dirixindo e supervisando en todo momento o traballo dos diferentes grupos.

Moitos departamentos didácticos como por exemplo o de educación plástica e visual, o de música, así como o equipo directivo participaron

activamente tanto en cuestións de deseño, como de organización e planificación.

O alumnado de todo o centro non só participou senón que se implicou directamente.

As familias e o público en xeral puido disfrutar da xornada de diversidade.

8- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Difusión dos traballos realizados a través da páxina web do colexio, das redes sociais, das exposicións no centro socio-cultural da vila, das representacións teatrais, da exposición de stands coa temática dos contos.

9- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS

A avaliación resultou moi positiva conseguíndose:

- Favorecer a interacción de todo o alumnado e profesorado do centro para un obxectivo común.
- Fomentar o traballo en equipo non só entre o alumnado senón tamén entre o profesorado.

- Favorecer a comprensión da diversidade entre as persoas a través de diferentes canles.
- Abrir o centro á comunidade educativa.
- Favorecer o pensamento e diálogo crítico tanto no alumnado como no profesorado e nas familias, podendo fomentar a través do coñecemento da sociedade diversa, unha mellora na convivencia (**competencia en comunicación lingüística**)
- Propiciar a innovación educativa e consecuentemente o cambio nas metodoloxías de traballo. (**competencia en iniciativa e espírito emprendedor**).
- Usar as tecnoloxías para motivar ó alumnado a través do obradoiro de cine e para a realización dalgunhas actividades. (**competencia dixital**)
- Conseguir que o alumnado non fose un simple espectador, senón que se convertese no protagonista da súa aprendizaxe, adquirindo un papel moi activo ó longo de todo o proxecto, sobre todo na elaboración das actividades. (**Competencia para aprender a aprender**)
- Coñecer e respectar a diversidade entre culturas, fíxose unha realidade, posto que foron varias os contos nos que se profundou sobre esta temática, podendo adquirir o alumnado actitudes de respecto por outras culturas diferentes á propia. (**Competencia en conciencia e expresións culturais**)
- Entender que a sociedade é o conxunto de todos nos, coas nosas particularidades e aspectos comúns, e que o conxunto é o que nos

enriquece. A información e o coñecemento, axudou a eliminar prexuízos.

(**Competencia social e cívica**)

- Asumir criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía (**Competencia matemática**)

10-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

- Ofrecer unha adecuada selección de libros con temáticas afíns ao proxecto e a posterior adquisición dos exemplares seleccionados.
- Dinamizar novas metodoloxías, variadas e ricas a nivel experiencial, na procura dun aprendizaxe integral do alumnado no que a comunicación, inclusión e participación foran altamente significativas.
- Fomentar a investigación e análise de cada temática concreta como medios para favorecer a formación de lectores críticos así como asesorar nos posibles enfoques creativos na procura de diferentes soportes artísticos.
- Organizar un calendario onde tiveron cabida multitude de actividades, charlas, obradoiros e posta en escena dos traballos realizados. Grazas a este deseño o alumnado puido achegase a programas de formación externos ao centro pero integrados neste.
- Buscar o apoio necesario no claustro para lograr un compromiso xeral que permitiu o desenvolvemento do proxecto.

- Espazos web onde están aloxados os produtos finais.

<http://friolteca.blogspot.com/2019/05/xornada-sobre-diversidade-ii.html>

<http://friolteca.blogspot.com/2019/04/a-federacion-cogami-visita-o-colexio.html>

<http://friolteca.blogspot.com/2019/02/charla-coloquio-das-entidades-once-down.html>